- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial. Co obxecto de poder comprobar o estado dos servizos municipais soterrados afectados polas obras, unha vez executada a canalización e **antes de tapar a gabia, comunicárase os servizos técnicos municipais** para que poidan proceder a súa inspección. Nas reposicións do firme da calzada, o ancho de reposición da capa de rodadura será a metade do ancho total do vial e non o ancho da gabia realizada.
- O titular desta autorización será o responsable en materia de Seguridade e Saúde, de tódolos incidentes e accidentes que se puideran xurdir.

- Deberá solicitar os permisos a outras administracións que teñan xurisdición no ámbito das obras. **(CMATI)**.
- A fianza de 2.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada polas obras queda en perfectas condicións de uso, devolverase unha vez comprobado este extremo. (Exp. 673/15)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Jesús Álvarez Losada, para acometida á rede municipal de auga na vivenda sita no Cmño. Do Espiño nº 5 – Nogueirido – Bamio (Ref. Cat. 002100900NH22A), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 722/17)

Dáse conta da solicitude de Dna. Ana M^a López Carro, para autorización de contratación do servizo municipal de auga como uso doméstico para a vivenda sita na Rúa da Xesta nº 11 – Sobrán, en base ao tempo transcorrido para a reposición da legalidade urbanística.

Vista a seguinte documentación:

- Certificado de empadronamento da unidade familiar emitido en data 16.10.2017, no que se indica como domicilio da unidade familiar a Rúa da Xesta, nº 11 dende o 23/03/2007 ata a data de emisión do certificado.
- Certificado de pagos de saneamento e lixo dende o 1/01/2008.
- Imaxes aéreas do ano 2003, 2011, 2013 nos que se comproba a existencia da edificación.
- Facturas eléctricas do ano 2006 que son plenamente compatibles co uso vivenda da edificación.

Tendo en conta a documentación aportada e o prazo de caducidade establecido no artigo 153 da Lei 2/2016 debe declararse que a vivenda queda sometido ao réxime establecido no artigo 90 da Lei 2/2016, e unicamente poderán autorizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente.

Á vista do exposto, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente a declaración de fóra de ordenación da referida vivenda, podéndose autorizar nela unicamente obras de mantemento e conservación, polo que procede a autorización para a conexión do servizo municipal de auga baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.

- Os contadores instalaranse en local independente destinado a tal fin dentro do edificio.
- Déase conta á concesionaria do servizo municipal de auga potable para que admita a modificación do contrato, ou a formalización dun novo se fose necesario, para que o subministro de auga da vivenda teña carácter de “uso doméstico” e non de “uso de obra” como viña tendo ata o momento. (Exp. 231/16)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Luis Barcala Cores, para segregación de parcela situada en Rúa da Palla – Sobrán, de conformidade co proxecto de segregación redactado polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Wenceslao Vidal Eiras e documentación complementaria achegada:

1º.- Pártese dunha única parcela situada na Rúa da Palla, parroquia de Sobrán, cunha superficie de 1.886,00 m², clasificada no PXOM de Vilagarcía como Solo de Núcleo Rural (Grado 1 e 2º) NP1 e NP2 e Solo Rústico.

2º.- Da parcela inicial segréganse as seguintes parcelas:

- Parcela 1, cunha superficie de 709 m² que se corresponde coa superficie que o PXOM clasifica como Solo de núcleo rural, grado 2º.
 - Parcela 2- cesión a vía pública, cunha superficie de 48 m² con frente ó Camiño da Palla . Consta no expediente acta de cesión suscrita en data 23.11.2017 ante Secretaria Xeral.
 - Parcela 3- cesión a vía pública, cunha superficie de 117 m² con frente á Rúa da Palla . Consta no expediente acta de cesión suscrita en data 23.11.2017 ante Secretaria Xeral.
 - Parcela 4- Resto finca Matriz, cunha superficie de 1012,00 m², que se corresponde coa superficie que o PXOM clasifica como Solo de núcleo rural, grado 1º (301 m²) e 711,00 m² situada en solo rústico.
- Os terreos afectados pola aliñación, xa foron obxecto de cesión mediante acta de data 23.11.2017 pola que se procede a cesión dunha superficie de 48,00 m² con frente ao Camiño da Palla e 117 m² con frente a Rúa da Palla.
 - Todas as parcelas resultantes cumpren os parámetros urbanísticos de aplicación no planeamento municipal.

Debera procederse a presentar ante o Concello a inscrición no Rexistro da Propiedade das parcelas nº 2 e 3 de cesión de vía pública. (Exp. 249/17)

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude de Dña Isabel María Barrena Collado, para as obras de acondicionamento de local para academia de estudos, en Rúa Padre Feijoo nº 7-1ª pta. 2, vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Enxeñeiro Técnico Industrial D. Jorge Mondelo Vidal, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 21/08/17.

– Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o

prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da lei 2/2016).

- Con carácter previo ó inicio das obras deberá achegar oficio de nomeamento da dirección da execución da obra e ficha estatística da vivenda e da edificación..
- No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegárase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 529/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Virginia Mondragón Paz en representación de HERMANOS MONDRAGÓN PAZ S.A., para obras de estabilidade de fachadas de inmovible catalogado, sito na Rúa Praza Dr. Carús – Avda. da Mariña – Rúa Vergara (Edificio Savoy) (Ref. Cat. 9161501NH1196S0001J), de conformidade co estudio técnico redactado polo Arquitecto D. Ricardo Sobral Casalderrey.

Consta no expediente administrativo Resolución de data 10/05/2017 do Xefe de Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizando as actuacións solicitadas.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentar:

- Oficios de dirección de obra e coordinación de Seguridade e Saúde, se resultase procedente.

Dado o carácter urxente das obras, e a finalidade de aseguramento da edificación catalogada deberán iniciarse as obras no prazo máximo de 1 mes e finalizalas no prazo máximo de 6 meses.

Dése traslado ao Departamento de Disciplina Urbanística aos efectos de adoptar as medidas que procedan no expediente D5/14.

De precisar ocupación de dominio publico debera solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente. (Exp. 178/16)

Dáse conta do escrito de Dna. M^a del Carmen Crespo Outes, solicitando unha prórroga para a execución das obras de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Renza e que foi concedida licenza municipal mediante Resolución de Alcaldía de data 20/05/2014.

Á vista dos informes emitidos ao respecto o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo informa favorablemente a concesión dunha prórroga de 6 meses para o inicio e 3 anos para o remate das devanditas obras. (Expte. 645/13)

Informar favorablemente a solicitude de D. Jesús Rey Froján, en representación de ASESORIA J REY S.L., para as obras de acondicionamento de local para asesoría, en Avda. Dr. Tourón nº 50 Bx., vistos os informes técnico e xurídico e de conformidade co proxecto técnico achegado, do Arquitecto D. Julio L. De Miguel Castro, visado polo Colexio Oficial correspondente coa data de 29/09/2017.

- Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo

145 da lei 2/2016).

– No caso de que se cumpran as condicións previstas no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, deberá procederse polo promotor a designar, con carácter preceptivo, a un coordinador de seguridade e saúde.

– Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarase comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro de emprendemento e competitividade económica de Galicia. (Exp. 619/17)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS (Expedientes dixitalizados na súa totalidade)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Guillermo Norberto Estévez Lukaszewicz, para o inicio e desenvolvemento de lavndería autoservizo na Avda. As Carolinas nº 42 Bx. Dta. (Expte. 2017/9 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Rosa Baulde Acha, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de calzados e complementos na Rúa Arzobispo Lago nº 17 - Local 2 - Bx. Esda. 2 (expte. 2017/11 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. Susana Fernández Cuevas para o inicio e desenvolvemento da actividade de Tenda de roupez na Rúa A Baldosa nº 28 Bx. (Expte. 2017/23 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Jesús Antonio García Correa, en representación de ASESORIA Y GESTIÓN GESPRONOR S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de servizos de xestión administrativa na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 2-1º C-D. (Expte. 2017/37 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Manuel Novás Caamaño, para o inicio e desenvolvemento da actividade de despacho de avogado na Rúa Vicente Risco nº 1 Ent. Dta. (Expte. 2017/38 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Juan Carlos Morgade Portas para o inicio e desenvolvemento da actividade de Estudo de Arquitectura na Rúa Vicente Risco nº 1- Entlo. Esda. (Expte. 2017/39 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Pablo Barreiro Pérez, para o inicio e desenvolvemento da actividade de lavandería autoservizo na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 24 bx. (Expte. 2017/53 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Rosa Figueira Ferreiros, para cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de salón de beleza na Avda. Xoan Carlos I nº 24 Bx. (Expte. 2017/54 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por d. José Pereira Márquez en representación de ATENEA S.C., para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de mobles na Avda. Rodrigo de Mendoza nº 28 bx. 1-2. (Expte. 2017/57 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Joaquín González Iglesias en representación de VEGO SUPERMERCADO S.A.U., para o inicio e desenvolvemento da ampliación da actividade de comercio polo miúdo de produtos alimenticios, superficie superior a 400 m² na Pza. Xoán XXIII ° 8-9 bx. (Expte. 2017/63 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Guillermo Luis Buceta Barral, para o inicio e desenvolvemento da actividade de máquinas expendedoras na Rúa Conde Vellellano nº 12 Bx. Esda. (Exp. 2017/64 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. Sara Millán Caneda para o inicio e desenvolvemento da actividade de clínica de fisioterapia na Rúa Gumersindo Nartallo 5 bx. (Expte. 2017/68 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Silvia Rubianes Meléndez, para o inicio e desenvolvemento da actividade de floristería na Rúa Vilaboa nº 2 Bx. porta 3. (Expte. 2017/72 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M^a Cristina Sierra Villegas, para o inicio e desenvolvemento da actividade de estudo de arte na Avda. Dr. Moreira Casal nº 1 Bx. D. (Expte. 2017/75 Inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por d. Jesús Kavier Prado Pereiro en representación de VIAL SANTA EULALIA S.L., para o cambio de titularidade e

desenvolvemento da actividade de centro de ensinanza-conducción de vehículos terrestres na Rúa Alejandro Cerecedo nº 13-1º. (Expte. 2017/77 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por Dna. M^a del Carmen Gómez Lorenzo para o inicio e desenvolvemento da actividade de expenduría de tabaco – estanco na Rúa San Roque nº 9 Bx. A (Expet. 2017/86 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Manuel Fontán Caeiro, para o inicio e desenvolvemento da actividade de comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas na Rúa Duque de Rivas nº 5 Bx. (Expte. 2017/50 inocuas)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Rita Dorios Silva García en representación da entidade VINO & ARTE LEONOR, S.L., para o cambio de titularidade e desenvolvemento da actividade de elaboración e crianza de viños (Epígrafe 425.1), no Lg. de Feira Nova - Avda. de Rubiáns nº 53, baixo as seguintes prescricións:

a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 35 dB pola noite (22-8 horas) e de 40 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 75 dB polo día (8-22 horas) e de 65 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.

b) NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007, de conformidade co informe emitido con data 21/11/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.

c) Traballará coas portas e fiestras pechadas.

d) Os equipos/dispositivos de ventilación/climatización estarán dotados de illamento acústico e elementos antivibratorios, contarán con sistemas de ralentización da velocidade de saída do aire e ubicaranse alonxados de ocos e/ou ventanas de vivendas próximas.

e) Os equipos con motores-bombas-compresores, estarán dotados de illamento acústico.

f) Instalará sistema proposto en proxecto-memoria de decantación de sólidos-fangos previo ao entronque coa rede de sumidoiros.

g) Xestionará os residuos a través de xestor autorizado, segundo a súa tipoloxía e almacenará temporalmente os residuos susceptibles de aproveitamento (bagazo, lodos de filtrado, ...) en condicións de estanqueidade e a cuberto.

h) NON EXERCERA as actividades de GALERIA DE ARTE (Epígrafe 615.6), así como COMERCIO MAIOR DE PEIXE (Epígrafe 612.8), tal como manifesta no escrito presentado pola Sra. Silva García, e/r. de VINO & ARTE LEONOR, S.L., con data 20/10/2017 (R/E nº 13568). (Expte.: ACTCLA/2017/000069-TRANS.CLASIF).

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Luis M^a García-Reboredo Mendoza en representación de GARCIA REBOREDO HNOS. S.L., para o inicio e desenvolvemento da actividade de almacén de mercadorías en xeral no Peirao Comercial Este – Porto Deportivo, baixo as seguintes prescricións:

- a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 35 dB pola noite (22-8 horas) e de 40 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 75 dB polo día (8-22 horas) e de 65 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial con data 13/11/2017.
- c) Traballará coas portas e fiestras pechadas.
- d) Contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. (Expte. ACTCLA/2017/67 – EMPRENDEMENTO)

Informar favorablemente a comunicación de apertura de establecemento – cambio de titularidade presentada por dna. Beatriz Cheda Borrazas, para o desenvolvemento da actividade de CAFÉ-BAR na Rúa A Baldosa nº 18 Bx., baixo as seguintes prescricións:

- a) O nivel de ruído transmisible ó medio ambiente interior non excederá de 30 dB pola noite (22-8 horas) e de 35 dB polo día (8-22 horas). Asemade, o nivel de ruído transmisible ó medio ambiente exterior non excederá de 65 dB polo día (8-22 horas) e de 55 dB pola noite (22-8 horas). En todo caso, deberán respetarse os límites de recepción de ruídos que poida fixa-la normativa vixente.
- b) **NON EXCEDERÁ DOS VALORES DE TRANSMISIÓN DE RUÍDOS AO MEDIO EXTERIOR E INTERIOR DISPOSTOS NO RD 1367/2007**, de conformidade co informe emitido con data 21/11/2017 polo Sr. Enxeñeiro Técnico Industrial.
- c) Aforo do local: 45 persoas, segundo certificación de actividade emitida con data 23/06/2017.
- d) Non se sobrepasarán os 75 dB(A) no interior do local.
- e) **TRABALLARÁ COAS PORTAS E FIESTRAS PECHADAS E VENTILACIÓN FORZADA.**
- f) Instalará cámara de graxas, debidamente dimensionada previa ao entroke co sumidoiro, para as augas da cociña, segundo memoria.
- g) A saída de gases e fumes da cociña, será ao cumio da edificación por conducto independente.
- h) Os residuos que se xeneren durante o desenvolvemento da actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía.
- i) Entregará os residuos de aceites e frituras a xestores autorizados.
- j) Os aparatos de son actualmente existentes (DUAS TELEVISIONS) modelos e marcas SAMSUNG 112MABT78501 e LG 42PT353, con nºs de series: ILEXIBLES, foron precintadas pola Policía Local con data 30/08/2017 a 68.7 dB(A) e 69.2 dB(A), respectivamente, para un máxmo permitido a 70 dB(A), estando o potenciómetro dos citados aparato ao seu máximo volumen. O/A titular da actividade non poderá manipular nin os precintos colocados polo Concello nin os aparatos, debendo comunicar ao Concello calquera anomalía ou avaría que puidera producirse.
- k) O/A titular da actividade non poderá instalar equipo sonoros diferente ao actual, é decir, ás DUAS TELEVISIONS, SAMSUNG e LG, E O LIMITADOR DE SON, ao que fai referencia o apartado j) anterior, sen previa autorización do Concello.
- l) **NON SE PODERA EXERCER A ACTIVIDADE DE KARAOKE NIN ACTUACIONES MUSICAIS EN DIRECTO NO INTERIOR DO LOCAL.**
- m) **NON PODERA OFRECER NO LOCAL ESPECTÁCULOS OU ACTIVIDADES DISTINTOS DOS QUE FIGUREN NA LICENZA E/ OU AUTORIZACIÓN**, de conformidade co art. 7.1. do Decreto 160/2005, de 2 de xuño, polo que se modifica o

Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

n) Deberá respectarse os horarios de peche dos establecementos públicos que en cada momento estableza a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

ñ) O/A titular da actividade deberá contribuír ó mantemento da orde pública evitando que as persoas saian do local con botellas, envases ou vasos (de vidro ou plástico).

o) Dará cumprimento do establecido pola Lei 42/2010, de 30 de decembro (BOE do 31/12/2010), pola que se modifica a Lei 28/2005, de 26 de decembro (BOE do 27/12/2005), de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o suministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

p) Dará cumprimento da Orde do 1 de marzo de 2012, pola que se regula a sinalización das limitacións no consumo, venda e subministración de bebidas alcohólicas en locais comerciais de Galicia (Diario Oficial de Galicia do 13/03/2012).

k) Dará cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (Diario Oficial de Galicia do 28/12/2010).
(Expte.: ACTCLA/2017/000025-TRANS.ESPECT).

ASUNTOS VARIOS

Dáse conta da sentenza dictada polo TSX de Galicia, en autos do procedemento ordinario 4156/2014, a cal estima parcialmente a demanda interposta por TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A. contra a Resolución recurrida: Ordenanza Municipal Reguladora das Condicións Urbanísticas de Instalación e Funcionamento dos Equipos de Telecomunicacións.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo queda sabedor.

Dése conta ao Pleno Municipal ós efectos de levar a cabo as modificacións introducidas pola Sentenza do TSXG, unha vez que sexa firme.

Visto escrito presentado por D. Luciano Rios Rios coa data de 29/09/2017 (R. E. 12709) no que solicita aclaración da Resolución de data 18/11/2015 referente a agrupación e posterior segregación de parcelas en Os Martices – Cea, e vistos os informes emitidos ao respecto, concrétase:

1º Que en data 26.09.2017 suscribíronse actas de cesión ante a Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa nas que se cederon os seguintes terreos afectados polas aliñacións:

- Da denominada Parcela nº 1 un total de 1,75 m², cesión que se contempla dentro da denominada parcela IA do proxecto de agrupación e segregación.
- Da denominada Parcela nº 2 un total de 55,60 m², cesión que se contempla dentro da denominada parcela IA do proxecto de agrupación e segregación.
- Da denominada Parcela nº 5 un total de 317,65 m², cesión que se corresponde con:
 - o 132,25 m² que se contemplan dentro da denominada parcela IA do proxecto de segregación.
 - o 185,40 m² que se contempla dentro da denominada parcela IB do proxecto de segregación.
- Polo que as cesións resultantes serían as seguintes:
 - o Parcela IA189,50 m² (1,75 m²+55,60m²+132,25m²)
 - o Parcela IB185, 40 m²

2º Informar favorablemente a aceptación dos terreos correspondentes a cesión para viais públicos ós efectos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade a favor do Concello. (Expte. 62/15 e 576/16)

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.